



## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECIMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVICIOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo Artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e os Artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalación análogas, cando ditos servicios ou subministros sexan prestados por entidades locais.

### **Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de distribución e auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

### **Artigo 3.- Suxeito pasivo.**

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servicio, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.
- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servicio.

### **Artigo 4.- Responsables.**

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.



- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5.- Cota tributaria.**

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

#### **Artigo 6.- Beneficios fiscais.**

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### **Artigo 7.- Devengo.**

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

B) Cando se trate de servicios periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, caso no que se devengará a partir dese mesmo momento.

#### **Artigo 8.- Liquidación.**

A) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.

- Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadacion para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

B) Cando se trate de servicios periódico:



Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.

### **Artigo 9.- Ingreso.**

O pagamento desta taxa realizarase:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade a Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

### **Artigo 10.- Infraccións e sancións.**

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

### **Artigo 11.- Normas de xestión.**

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos que esixa cada concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo, por cambio e propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse polo período de liquidación das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

### **Disposición adicional única**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordeanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.



## Disposición Final.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2020, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

## ANEXO.- Tarifa

### A) Dereitos de conexión:

A.1: Conexión á rede, vivendas unifamiliares, cada unha: 900,00 euros.

A.2: Conexión á rede, vivendas colectivas, cada unha: 360,00 euros.

A.3: Conexión á rede nos supostos de usuarios de redes comunitarias que pasen a ser xestionadas polo Concello:

A.3.1: Antigos usuarios: 72,00 euros.

A.3.2: Novos usuarios: 900,00 euros.

A.4: Conexión á rede de titulares que pagaron contribucións especiais para as obras, ou que contribuíron parcialmente ás obras: 72,00 euros.

A.5: Conexión á rede de finalidades non vivenda:

A.5.1: En edificios de vivendas colectivas: 360,00 euros.

A.5.2: Segunda e posteriores conexións en vivendas unifamiliares: 360,00 euros.

A.5.3: Outros supostos: 900,00 euros

### B) Consumos de auga:

#### b. 1.—Uso domestico

a) de 0 a 15 m3 . . . . . 0.1774 €/M3

b) de 16 a 30 m3 . . . . . 0.2470 €/M3

c) de 31 a 45 m3 . . . . . 0.6713 €/M3

d) de 46 a 9999 m3 . . . . . 0.6904 €/M3

#### b. 2.—Uso non domestico

a) de 0 a 15 m3 . . . . . 0.2667€/M3

b) de 16 a 30 m3 . . . . . 0.3228 €/M3

c) de 31 a 45 m3 . . . . . 0.7645 €/M3

d) de 46 a 9999 m3 . . . . . 1.0017 €/M3



**C)** Estará exento o concello para a totalidade de edificios, vivendas, locais, establecementos e instalacións de propiedade municipal, bocas de rego, fontes e lavadoiros públicos.

**D)** Levarase a cabo a graduación da taxa en función da capacidade económica do suxeito pasivo segundo o artigo 24.4 do Real decreto 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Os criterios para levala a cabo serán os seguintes:

— Terán dereito a seguinte redución:

<b>M3 CONSUMIDOS</b>	<b>CÚBICOS</b>	<b>MEMBROS UNIDADE</b>	<b>DA</b>	<b>REDUCCIÓN FAMILIAR DA TAXA</b>
Ata 15m3 por trimestre		Dous membros		100%
Ata 30 m3 por trimestre		Tres membros		100%
De 15 m3-30m3 por trimestre		Dous membros		28%
De 30m3-45m3 por trimestre		Tres membros		73,50%

**d.1)** As persoas contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado segundo informe dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello.

1. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano).

2. As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación:

a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.

b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.

c) Fotocopia compulsada polos Servizos Sociais do Concello do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.



d) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.

f) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible lle cede o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa).

3. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos a esta redución.

4. No caso de renovacións, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberanse presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste apartado.

**d.2)** As vivendas incluídas no Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Redondela que se atopen efectivamente alugadas, esta exención xurdirá efectos no exercicio seguinte ao do aluguer e se acreditará mediante certificado emitido polo Concello.

**d.3)** As persoas contribuíntes que non dispoñan de bens inmovibles de natureza urbana distintos á vivenda habitual (a que pode comprender unha praza de garaxe e un rocho anexos), sobre os que posúan un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro que xere ou poida xerar ingresos (fíxase un tope de valor da vivenda habitual, igual ou menor a 90.000 € de valor catastral) e sempre que a renda per cápita mensual bruta da unidade de convivencia estea dentro dos límites establecidos na táboa que se indica:

Número de membros da unidade de convivencia	Contía
1	SMI (persoa solicitante)
2	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)
3	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro)



	+ 12% (terceiro membro)
4	SMI (persoa solicitante) + 14% (segundo membro) + 12% (terceiro membro) + 10% (cuarto membro e sucesivos)

As persoas interesadas que desexen solicitar esta redución da cota da taxa, deberán presentar o modelo normalizado aprobado polo Concello debidamente cuberto, achegando a seguinte documentación e xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude (período de presentación do 1 de setembro ao 30 de decembro de cada ano):

- a) Solicitude da redución mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
- b) Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
- c) Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- d) Certificación de empadramento ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- e) Certificación de ingresos do/a solicitante e as persoas que convivan con el/a ou autorización para a súa obtención polo Concello.
- f) Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo de recollida do lixo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...) no que debe constar correctamente a titularidade catastral do inmovible.
- g) No caso en que o inmovible obxecto de subministro onde resida o solicitante non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante da redución (debe recoller a obriga do ocupante de pagar a taxa).

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 116 do 18/06/2004
- BOP número 162 do 23/08/2004
- BOP número 62 do 5/04/2010
- BOP número 98 do 24/05/2019